

**XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA SEIS DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZASEIS**

<p><b>SRES/AS ASISTENTES:</b> <b><u>SR ALCALDE-PRESIDENTE:</u></b> JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ</p> <p><b><u>SRES/AS CONCELEIROS/AS:</u></b> D/D<sup>a</sup> MARIAN FERREIRO DIAZ D/D<sup>a</sup> GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/D<sup>a</sup> MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/D<sup>a</sup> NATALIA HERMIDA RICO D/D<sup>a</sup> M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/D<sup>a</sup> CATALINA MARIA GARCIA BLANCO D/D<sup>a</sup> PABLO VILLAMAR DIAZ</p> <p><b><u>NON ASISTEN:</u></b></p> <p><b><u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u></b> D/D<sup>a</sup> MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ</p> <p><b><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u></b> D/D<sup>a</sup> ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do seis de outubro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. ALCALDE-PRESIDENTE, JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
--	---

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO CO CLUB DE PIRAGUISTO NARON 2015.**- Vista a proposta formulada que di así: O administrador-xerente, con data 31 de maio de 2016, ditou o informe proposta, que textualmente transcrito di:

***“INFORME-PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO CO CLUB PIRAGUISTO NARON - ANO 2015***

*De conformidade co establecido no Artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, , a tal respecto fórmulase o seguinte INFORME-PROPOSTA*

***A ) ANTECEDENTES***

*A Xunta de Goberno Local de data 23 de xullo de 2015, aprobou entre outros, o Convenio co Club Piraguismo Narón, por un importe de 4.000,00 €. O dito convenio foi asinado o día 30 de xullo de 2015.*

*O club Piraguismo Narón, percibiu xa o total do importe no ano 2015.*

*O citado club, presentou a documentación xustificativa do Convenio, polo Rexistro Xeral do Concello en data 26 de marzo de 2016, estando dentro do prazo establecido para tal fin no texto do Convenio (31-03-2016).*

*A aprobación da xustificación, é competencia da Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía de data 17 de xuño de 2015. ( Acordo recollido na acta do Pleno do día 19-06-2015.*

***B) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS***

- Normativa de aplicación: Segundo o Informe Xurídico emitido coa data de 23 de xuño de 2015:*

**C ) INFORME-PROPOSTA**

*Unha vez revisada a documentación xustificativa do Convenio do ano 2015, presentada pola entidade Club Piraguismo Narón e visto os informes emitidos polo Administrador-Xerente do Servizo de Deportes acerca da devandita xustificación.*

*O importe xustificado é de 4.096,01 €.*

*Visto que a documentación presentada polo Club, cumpre coa normativa aplicable e co estipulado no Texto do Convenio asinado en data 30 de xullo de 2015.*

*En base o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*- Aprobar a xustificación do Convenio co Club Piraguismo Narón, polo ano 2015.*

*Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.”*

Visto o Informe da Intervención Xeral, de data 29 de setembro de 2016, no que se fiscaliza de conformidade o informe-proposta do administrador-xerente do 31 de maio de 2016, o Concelleiro/delegado de Deportes por Resolución da Alcaldía, de data 2 de xullo de 2015.

**PROPON A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

- **Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.**

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**3 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO CONVENIO EN MATERIA DE ACCIÓN SOCIAL COA ENTIDADE LEDICIA CATIVA PARA O ANO 2016.-** Vista a proposta formulada que di así: O Xefe Substituto do Servizo Sociocomunitario Municipal con data 12-09-2016 emitíu o informe con proposta á Xunta de Goberno Local (documento aupac SSO10I1JS), que textualmente di:

**“INFORME-PROPOSTA DO XEFE SUBSTITUTO DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL**

**ASUNTO:** Aprobación do convenio a suscribir no ano 2016, coa entidade Asociación Leducia Cativa en materia de Acción Social

O funcionario Municipal que subscree, Gustavo Perea Vega, Xefe Substituto do Servizo Sociocomunitario Municipal, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta :

**ANTECEDENTES.**

O Concello de Narón, a través do Servizo sociocomunitario municipal leva varios anos promovendo os programas de acollementos temporais de nenos e nenas procedentes de rexións afectadas por catástrofes naturais, nucleares ou doutra índole, que provocan indefensión e graves problemas de saúde para a infancia.

No marco das competencias que ten atribuídas pola Lei de Bases de Réxime Local e dentro das liñas estratéxicas establecidas nos seus orzamentos anuais, manifesta o seu compromiso de promover a acción social e o acollemento temporal no colectivo nenos e nenas procedentes das rexións sinaladas.

Analizada a necesidade e oportunidade da continuidade deste compromiso, o impacto positivo na poboación desta actuación, o Concello de Narón ve a necesidade de continuar desenvolvendo esta acción a través dun convenio de colaboración, xa que é imposible executar estas actuacións cos medios dos que dispón actualmente o Concello e resulta difícil realizar unha convocatoria pública para a execución dos programas.

A Asociación Leducia Cativa é unha entidade ONG sen ánimo de lucro que funciona desde o ano 2002 e cuxa principal actividade consiste na acollida temporal de menores da rexión rusa de Briansk, a mais afectada pola radiación de Chernobyl, en familias da comunidade autónoma de Galicia. Os/as nenos/as proceden de casas de acollida e de familias tuteladas pola Federación Rusa. Tamén acollen a nenos doutras rexións rusas afectados por outros desastres ambientais para que participen en procesos recuperativos da saúde. Por todo isto se considera idónea para dar continuidade á execución do programa a desenvolver.

Para a subscripción do referenciado convenio existe crédito Axeitado e suficiente na aplicación Orzamentaria 12/23102/48000, Operación Contable RC/2186/16

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS:**



A VISTA DO ANTERIOR, O XEFE SUBSTITUTO DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL, INFORMA AO CONCELLEIRO DELEGADO EN MATERIA DE MEDIO AMBIENTE PARA PROPOÑA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, A ADOPCIÓN DAS SEGUINTE PROPOSTAS:

1ºAprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Narón e a entidade Asociación Leducia Cativa, en materia de Acción Social, co obxecto de desenvolver o convenio en Narón no ano 2016.

2ºAprobar o gasto derivado do antedito convenio por importe de 2.000,00€, para o cal existe crédito Axeitado e suficiente na aplicación Orzamentaria 12/23102/48000, Operación Contable RC/2186/16.”

Logo de ver o informe fiscalizado de conformidade, deixando constancia das observacións contidas neste informe (doc aupac INT10I0XJ) de data 28-9-2016 de 2016, a Concelleira delegada en materia de Acción Social, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación antedita.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

#### **4 .- PROPOSTA DE LIQUIDACIÓN FINAL COA UNIVERSIDADE DE A CORUÑA EN MATERIA DE AXUDAS PARA TRANSPORTE UNIVERSITARIO. PERÍODO XANEIRO-XUÑO 2016. CURSO ACADÉMICO 2015-2016.-**

Vista a proposta formulada que di así: O xefe substituto do Servizo Sociocomunitario-Técnico de Xestión Sociocomunitario, Gustavo Ariel Perea Vega, en data 09-09-2016, ditou o Informe-Proposta do Servizo Sociocomunitario que literalmente transcrito di:

#### **“INFORME – PROPOSTA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO**

**Asunto :** Liquidación final coa Universidade de A Coruña en materia de axudas para transporte universitario. Período xaneiro-xuño 2016. Curso académico 2015 – 2016.

#### **ANTECEDENTES:**

Visto o convenio de colaboración asinado entre a Universidade de A Coruña e o Concello de Narón en materia de transporte-bono bus universitario de veciños/as de Narón ás facultades da Universidade de A Coruña, no Campus de A Coruña, para o curso 2015-2016, e unha vez finalizado o semestre xaneiro-xuño de 2016 e, de acordo coa cláusula 8ª do texto que recolle o sistema de pagos e liquidacións para o aboamento das axudas, procede facer a liquidación definitiva coa Universidade de A Coruña das bonificacións e facturacións correspondentes a dito período académico.

#### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS :**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro. (TRLCS).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións(LXS).
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións (RDXS).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Narón.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais.
- Programa Municipal de Recursos Educativos de Apoio á Escola.
- Bases de execución do orzamento en vigor.

Adxudicada a prestación do servizo de transporte universitario á empresa Arriva Noroeste, S.L. aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 25-09-2014 e complementada polo mesmo órgano o día 30-12-2014 e visto que está realizado por este Concello o pago das facturas presentadas por dita empresa no semestre xaneiro-xuño de 2016, de conformidade coa **cláusula 8ª** do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Narón e a Universidade de A Coruña, o xefe substituto do Servizo Sociocomunitario – Técnico de xestión sociocomunitario,

**PROPÓN Á CONCELLEIRA DELEGADA DE COOPERACIÓN NO ENSINO E BIBLIOTECAS,** SEGUNDO Resolución da Alcaldía de 02-07-2015, eleve proposta á Xunta de Goberno Local para a adopción dos seguintes acordos :

**1º.-** Aprobar a liquidación á Universidade de A Coruña da facturación por transporte universitario correspondente ao semestre xaneiro-xuño 2016 do Curso Académico 2015-2016 segundo as facturas emitidas por Arriva Noroeste, S.L. e as porcentaxes conveniadas que se indican :

<u>Mensualidade</u>	<u>Nº Factura</u>	<u>Importe</u>
Xaneiro	35	1.489,99€
Febreiro	79	1.693,19€
Marzo	142	1.862,50€
Abril	200	1.713,50€
Maio	237	1.639,00€
Xuño	329	223,50€
<b>TOTAL</b>		<b>8.621,68€</b>

A cantidade total facturada ao Concello de Narón por Arriva Noroeste, S.L. é pois de **8.621,68€** da que lle correspondería pagar á Universidade de A Coruña **5.173,01€** (un 60%, equivalente ao **30%** do prezo total das viaxes, do que os estudantes aboan un **50%** correspondendo ao Concello de Narón o **20%** restante : **3.448,67€**).

**2º.-** A Universidade de A Coruña deberá realizar o ingreso desta liquidación, **5.173,01€**, nas arcas municipais no prazo de tres meses, contados a partir da notificación do acordo de aprobación da liquidación definitiva, tal e como se recolle na propia **cláusula 8ª** do citado convenio.

Logo de ver a toma de razón por parte de Intervención en data 21/09/2016 (**IGA10I0D6**), esta Concelleira Delegada para os asuntos de Cooperación no Ensino e Bibliotecas (R.A. 02-07-2015), **PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

1.- Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**5 .- PROPOSTA DE APROBACION DO PADRON FISCAL DA TAXA POR SERVIZOS PRESTADOS POLO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO.-** Vista a proposta formulada que di así: A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 29/09/2016 acordou a aprobación do padrón fiscal correspondente á taxa polos servizos prestados polo Servizo Sociocomunitario, correspondente ao mes de setembro de 2016.

En data 29/09/2016 a xefa do servizo sociocomunitario, emitiu un informe- proposta relativo á proposta de anulación de 9 usuarios no referido padrón, pois non estaban engadidas as baixas solicitadas polos usuarios do servizo.

Visto o citado informe e o informe favorable do xefe do servizo de Intervención e Facenda, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

Anular do padrón fiscal correspondente á taxa polos servizos prestados polo Servizo Sociocomunitario, correspondente ao mes de setembro de 2016, ós usuarios que aparecen na proposta.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

### 6º.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 11:20 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada polo Sr. alcalde comigo o secretario xeral que DÁ FE.

V. e pr.

O ALCALDE-PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL



Asdo. JOSE L. BLANCO SUÁREZ



Asdo. ALONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI